

**ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 13 DE XUÑO DE 2015.**

ASISTENTES

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

CONCELLEIROS ELECTOS

Pola Candidatura do PsdeG-PSOE

D^a. María Loureiro García.
D. Jesús Fernández Cal.
D^a. María Isabel Rodríguez López.
D. Jesús Fernández Fernández.
D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.
D. Emilio Villarmea Méndez.
D^a. María Soledad Rey Yáñez.
D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro.

Pola Candidatura do P.P.

D. Antonio José Bouza Rodil.
D. Jaime Eduardo De Olano Vela.
D. Celestino Valentín García Paz.
D^a. María Jesús Vale López.
D^a. Belinda Bermúdez Otero.

Pola Candidatura do B.N.G.

D. Bernardo José Fraga Galdo.
D. Manuel Galdo Dopico.
D^a. Saray Blanco Canoura.

Pola Candidatura de Son Viveiro

D. Víctor Marcial Miranda Gómez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as trece horas do día 13 de xuño de dous mil quince, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros electos citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión de constitución do Pleno da Corporación.

Iníciase a sesión coa intervención da Secretaria Xeral, D^a. M^a Luz Balsa Rábade, que comeza coa lectura dos concelleiros electos que figuran na comunicación da Acta de Proclamación de electos remitida a este Concello pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo.

A continuación, indícase que debe procederse, en virtude do establecido no artigo 195 da LOREG e 36 do ROF **Á CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE IDADE**, integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como Secretario o Secretario da



Corporación, polo que chama a constituir a mesa de idade ós concelleiros electos D. Celestino Valentín García Paz e D^a. Saray Blanco Canoura, presidindo a mesma D. Celestino Valentín García Paz (como concelleiro electo de maior idade).

Por parte do Presidente da Mesa de Idade dáse as gracias ós asistentes a este acto, por consideralo un dos máis importantes, procedéndose á comprobación das credenciais presentadas por cada un dos concelleiros electos, comprobando que concordan coa acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo.

Comprobado este extremo, e a concurrencia a esta sesión da totalidade dos concelleiros electos **DECLÁRASE CONSTITUÍDA ESTA CORPORACIÓN.**

Constituída a corporación, sinálase por parte da Secretaria Xeral que procede a toma de posesión polos electos dos seus cargos de concelleiros.

Constátase pola Secretaria a presentación por cada un dos electos das respectivas declaracións de bens, intereses e incompatibilidades. Compróbase a existencia de acta de arqueo e respecto ó inventario de bens, compróbase que o inventario actual data do ano 2002, ó que se lle foron sumando as respectivas actualizacións aprobadas polo Pleno da Corporación, debendo procederse ó cumprimento do establecido no artigo 33 do RBCL; indicando que se cumpriron polos electos os requisitos esixidos para a toma de posesión, polo que a continuación, **cada un dos concelleiros electos deberá TOMAR POSESIÓN DO SEU CARGO**, engandindo que a toma de posesión do cargo se realizará segundo o establecido no artigo 108.8 da LOREG, coa fórmula prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979.

Intervén o Presidente da Mesa da Idade, D. Celestino Valentín García Paz, comunicándolles ós concelleiros electos que, ante a pregunta por parte da Mesa de Idade da fórmula prevista para a toma de posesión na referida normativa, se levante e no seu posto e **conteste con xuramento ou promesa a dita pregunta**, indicando que a pregunta será a seguinte:

“ D./D^a.....¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”.

Esta pregunta é formulada polo Presidente da Mesa a todos os concelleiros electos, contestando á mesma mediante promesa os concelleiros electos da candidatura do P.S.O.E., contestando mediante xuramento os concelleiros electos da candidatura do P.P., e contestando mediante promesa os concelleiros electos da candidatura do B.N.G. e o concelleiro electo da candidatura de SON VIVEIRO.

Intervén a Secretaria Municipal, para indicar que, neste momento, unha vez constituída a corporación e tomado posesión do seu cargo pola totalidade de concelleiros electos, **debe procederse Á ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA.**

Comunica que, segundo o establecido no artigo 196 da LOREG na sesión constitutiva procederase á elección de Alcalde. Poden ser candidatos a Alcalde os concelleiros que encabezan as candidaturas representadas na Corporación, e no suposto que algún deles renunciase a ser candidato non poderá ser substituído por ningún outro membro electo da súa mesma candidatura. Polo que procede neste intre preguntar a cada un dos candidatos que encabezan cada unha das listas se presentan a súa candidatura á elección de Alcalde.

Preguntado á candidata do P.S.O.E., D^a. María Loureiro García manifesta que presenta a súa candidatura.



Preguntado ós candidatos do P.P., B.N.G. e SON VIVEIRO manifestan que non presentan a súa candidatura.

Realizada a pregunta ós candidatos sobre a presentación de candidatura para a elección de Alcalde, pola Secretaría Municipal, indícase que neste momento procede realizar a votación, sinalando que será proclamado Alcalde o concelleiro que obteña a maioría absoluta de votos, e no suposto de que ningún candidato obteña maioría absoluta será proclamado Alcalde o candidato que encabece a lista máis votada: D^a. María Loureiro García. A votación realizarase a man alzada.

Realizada a votación en relación coa única candidatura proposta: a de D^a. María Loureiro García, só obtén os votos correspondentes ós concelleiros electos da candidatura do P.S.O.E. (oito), polo que non alcanza a maioría absoluta de votos. Segundo a lexislación referida pola Secretaría Municipal, ó non alcanzar ningún candidato a maioría absoluta de votos, será proclamado Alcalde o candidato que encabece a lista máis votada: D^a. María Loureiro García.

Deste xeito **proclámase Alcaldesa desta Corporación a D^a. María Loureiro García.**

Indícase que debe proceder, como Alcaldesa electa ó xuramento ou promesa do seu cargo, polo que deberá responder con xuramento ou promesa á seguinte pregunta.

“D^aMaría Loureiro García ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”.

Realizada por parte do Presidente da Mesa a pregunta referida, D^a. María Loureiro García contesta mediante a fórmula de promesa.

Tomado posesión do seu cargo, polo Presidente da Mesa de Idade fáiselle entrega do BASTÓN DE MANDO, pasando a presidir esta sesión a Alcaldesa elexida.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa, que previa á súa intervención cédelles a palabra ós cabeza de lista das outras tres candidaturas, que interveñen para darlle a noraboa e ofrecer a súa colaboración para este mandato.

Intervén a Sra. Alcaldesa para comezar dando as grazas a todos os votantes por renovar a confianza no seu proxecto político iniciado no ano 2003, indicando que o seu obxectivo vai ser mellorar a calidade de vida dos veciños de Viveiro, expoñendo que o seu goberno neste mandato se caracterizará polo consenso, e o diálogo, , poñendo como exemplo a elaboración de orzamentos participativos e relatando oito obxectivos a cumprir que se marca o seu goberno para este mandato: crear emprego, potenciar o sector turístico, manter e mellorar as políticas sociais, reducir a débeda, aprobar o PXOM, desbloquear a construción da variante e lograr o saneamento da ría de Viveiro.

Rematado o discurso da Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as 13:45 horas, do día 13 de xuño de 2015, do que eu, como Secretaria Xeral, dou fe.